

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2023/G003/002491

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: EMENDA ÁS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA XEFE/A DE BRIGADA, UN/HA OPERARIO/A CONDUCTOR/A E TRES OPERARIOS/AS DE BRIGADA FORESTAL POR 3 MESES A XORNADA COMPLETA, EN MODALIDADE CONTRACTUAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ARTEIXO.

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, José María Vázquez Pita, dita a presente

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Detectado erro no contido da Resolución núm. 2162/2023 de data 06/07/2023, no referente á base sexta, relativa, ao Procedemento de selección,

Considerando o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que posibilita rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais dos seus actos. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Emendar a Resolución núm. 2162/2023 de data 06/07/2023, no referente á 2º PROBA (CARREIRA 3.200 metros con mochila) da Fase de Oposición prevista na Base sexta (Procedemento de selección), **debendo figurar:**

2ª PROBA : CARREIRA 3.200 con mochila: puntuación máxima 10 puntos

Consistirá en camiñar unha distancia de 3.200 metros en chan, cun peso de 11 kilos á espalda durante un tempo máximo de 30 minutos. (Proba incluída en base á modificación introducida pola Resolución de 14 de maio 2019 da Dirección Xeral de Función pública da Xunta de Galicia)

Os/as aspirantes que realicen a proba no tempo de 30 minutos serán cualificados con 7 puntos mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 0´10 puntos cada 30"

no canto de:

2ª PROBA : CARREIRA 3.200 con mochila: puntuación máxima 10 puntos

Consistirá en camiñar unha distancia de 3.200 metros en chan, cun peso de 11 kilos á espalda durante un tempo máximo de 30 minutos. (Proba incluída en base á modificación introducida pola Resolución de 14 de maio 2019 da Dirección Xeral de Función pública da Xunta de Galicia)

Os/as aspirantes que realicen a proba no tempo de 30 minutos serán cualificados con 7 puntos mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 0´10 puntos cada 60"

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)